Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Medicina

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A fonte de San Ramón en Grobas



En Grobas de Arriba, no concello de Melide (A Coruña), localizábase a desaparecida igrexa de San Ramón, onde aínda pervive a fonte que leva o nome do santo.

Á fonte atribúenselle cualidades propiciatorias, xa que tradicionalmente os homes lavábanlle os pes ás mulleres embarazadas, para que San Ramón lles concedera un bo parto.

[Texto e fotografía remitidos por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña). Febreiro de 2015]

BIBLIOGRAFÍA

Xosé Manuel Broz Rei: "*Etnografía de Melide"*, Boletín nº 9 do Museo da Terra de Melide.